

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno, relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán do ano 2016 así coma do peche de camas nos centros hospitalarios:**

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública, algo realmente incomprendible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen precedentes coñecidos de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son tamén prácticas habituais os traslados ás clínicas concertadas durante todo o ano.

Tamén son abondosas as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables desfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, nunca quedou claro o criterio seguido para os peches, que semella non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións. Polo tanto, inciden no paro que as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados en moitos casos a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido Popular na xestión do Goberno, o peche de camas mantense tamén o resto do ano. Por outra banda resulta

inadmisíbel a negativa continua por parte do Goberno a facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O ocultamento destes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Ante estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda** pregunta:

Cantas camas van ser pechadas en xuño, xullo, agosto e setembro en cada hospital da rede pública?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/05/2016 17:42:32

Jose Javier Ron Fernandez na data 25/05/2016 17:42:42

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/05/2016 17:42:49

Ramón Vázquez Díaz na data 25/05/2016 17:42:55

Anton Sánchez García na data 25/05/2016 17:43:05

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/05/2016 17:43:21